

A UE incentivará a participación das PEMEs nos programas de investigación europeos

- **A medida poderá beneficiar ás preto de dez mil PEMEs que constitúen o 99% do tecido empresarial galego**
- **O Director Xeral de Investigación da UE, José Manuel Silva, abordará estratexias de éxito para lograr esta axudas, nun seminario financiado pola Dirección Xeral de I+D+I da Consellería de Innovación e Industria**
- **O VII Programa Marco multiplica por tres o presuposto do actual VI Programa Marco**

Santiago de Compostela, 01 de setembro de 2006.- A Comisión Europea simplificará as normas e os procedementos de acceso ao programa de financiamento comunitario de investigación "VII Programa Marco", co fin de promover a participación das PEMEs nos proxectos de investigación europeos. Galicia, cun tecido empresarial constituído fundamentalmente por PEMEs, podería optar a unha porcentaxe importante dos máis de seis mil millóns de euros que está previsto destinar a este concepto.

O Programa Marco continuará financiando, para o período 2007-2013, a labor desenvolvida polos axentes de I+D+I (centros de investigación, universidades, clusters...). Non obstante, nesta convocatoria establecerá como prioridade o contorno das pequenas e medianas empresas (PEMEs).

Dada a importancia destas entidades na revitalización económica, a sétima edición orientarase a reducir as cargas administrativas e lexislativas, e a resolver as imperfeccións do mercado que limitan a participación destas empresas en ámbitos como a investigación, a innovación ou as novas tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC). Así o puxo de manifesto a proposta orzamentaria aprobada polo Consello de Ministros Europeo, o pasado 24 de xullo, para o sétimo Programa Marco.

Estes incentivos traduciranse, ademais, nun aumento das partidas orzamentarias. De tal xeito que o presuposto medio anual asignado a accións de investigación das PEMEs incrementárase nun 54% con respecto á sexta edición, aínda en vixencia. E a financiación comunitaria dos custos de innovación e investigación das PEMEs, segundo vén de anunciar a Comisión Europea, pasará do 50% actual ao 75%.

O VII Programa Marco foi aprobado polo Consello de Ministros de Industria e Educación o pasado mes de xullo e deberá volver ao Parlamento Europeo e á Comisión para a súa posta en marcha o 1 de xaneiro de 2007. O seu presuposto total ascende a 50.521 millóns de euros para o período 2007-2013, moi superior aos 16.000 millóns de euros do actual VI Programa Marco.

Presentación en Galicia do VII Programa Marco

En Galicia existen máis de 10.000 pequenas e medianas empresas, que conforman o 99% do tecido empresarial galego. Con esta realidade socio-económica presente, Galicia atópase en condicións de acaparar unha importante porcentaxe das partidas orzamentarias adxudicadas para a investigación polo VII Programa Marco.

A Rede de Centros Tecnolóxicos de Galicia e a Rede Galega para a Transferencia de Coñecemento organizan a "Xornada de presentación en Galicia do VII Programa Marco". Este seminario, que terá lugar o día 22 de setembro en Santiago, tenta establecer unha estratexia efectiva de procedemento que incremente as posibilidades de éxito das empresas galegas e dos axente de I+D+I no novo Programa Marco.

Según fontes do Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI), a través das convocatorias competitivas do VI Programa Marco, España obtivo máis de 2.210 millóns de euros para a financiación de proxectos de investigación europeos. Desta cantidade, Galicia só conseguiu acadar o 1,61%. Unha porcentaxe que pon de manifesto o déficit que ofrece Galicia na consecución de financiamento europeo a través deste Programa e a relevancia das políticas de promoción e soporte, que se están a desenvolver dende a Dirección Xeral de I+D+I, para a participación en accións deste tipo.

Ao longo da xornada presentaranse as novidades do VII Programa Marco, contextualizadas no contorno da política de investigación europea, estatal e autonómica, e exporanse as oportunidades de participación, incidindo nas posibilidades que se abren para as PEMEs. As intervencións correrán a cargo de expertos na materia, entre eles, o Director Xeral de Investigación da Unión Europea, o galego José Manuel Silva, e representantes do Ministerio de Ciencia y Tecnología, da Consellería de Innovación e Industria, e institucións vencelladas ao I+D+I.

A presentación será unha oportunidade única para coñecer de primeira man as posibilidades do VII Programa Marco e as políticas de apoio galegas e estatais á participación nestes programas.

O seminario será de carácter gratuito e os interesados deberán inscribirse con antelación no enderezo <http://www.retgalia.org/>.

Fontes de información: Comunicación da Comisión ao Consejo, ao Parlamento Europeo e ao Comité Económico y Social europeo e ao Comité de las regiones – "Implementación del programa comunitario de Lisboa - Una política moderna de la PYME para el crecimiento y el empleo". COM (2005)551 final, de 10/11/2005 // <http://cordis.europa.eu/fp7/> // www.cdti.es